

Querido amigo Florencio:

Non tiven tempo de coñecerte pero aínda así sinto unha fonda admiración pola túa persoa. De seguro que cruzaches unha morea de veces o meu pobo, Arcos; que te detiveches nalgunha cova que como ben sabes abrían as portas de para en par ao atardecer... os convites a tomar un grollo de viño fresco sempre o agradecían os corgomeses, os de baxeles ou as Gralleiras na última costa arriba do camiño; que baixaches á Insua a gozar das augas frescas do río ou te sentaches na sombra dos ameneiros no río farelos saltón.

O teu amor pola natureza ben quedou reflectido nos versos que agromaron da túa pluma crúa se o tinteiro da túa mesa se convertese nun manancial de palabras que debuxasen as feitura da nosa paisaxe, das viñas, dos subreirais, de todo canto nos rodea.

Non te fuches como din... xa que permaneces na nosa memoria e iso achéganos un pouco á tan decebida inmortalidade. Non te fuches mentras os valdeorreses e valdeorresas sigamos berrando e esixindo un día das Letras Galegas para o teu traballo, para a túa entrega na loita polo noso idioma e pola nosa cultura...a través dunhas follas que arrecenden a galegitude por calquera versos que cantemos.

Din que pode que haxa algún tipo de atranco pola cor dos teus pensamentos. Non pode ser tal xa que nunha verdadeira democracia, da que de cote nos gabamos, teñen que ter cabida todas as cores presentes no Arco da Vella dos pensamentos e os mesmos dereitos para todas as persoas, sexan do matiz que fosen.

Sen decatarte conseguiches que toda unha comarca, centos de aldeas, vilas, e milleiros de homes e mulleres do que definías como a nosa terra esquecida... no esquecemento continuamos, discriminados por quen teñen a obriga de atender por igual todas as comarcas galegas e mesmo españolas.

Desta volta conseguíremolo e para iso contamos coa inestimable axuda das palabras de Paz Andrade cando dixo que eras “ un de tantos aos que lle toca xogar e perder, calar e marchar” ou cando te definiu coma “un dos máis senlleiros representantes da nosa literatura”.

Todos e todas empurraremos para adiante o carro e.. “mal seña que non consigamos cousa tan xusta e ben gañada polo poeta de terras valdeorresas, anaco fermosos da Galicia Infinda”, como diría o gran profesor Ogando Vázquez.

Noso benquerido Florencio, desde o lugar do que esteas observando este anaco de Galicia, xa que nalgures te vexo sentado entre as nubes, nalgún dos moitos outeiros que nos adornan. Non dubides que o clamor das nosas xentes se fará escoitar ante quen teña a responsabilidade de que un dos vindeiros días das Letras Galegas teña como centro de celebración Valdeorras... terra que por aí adiante dan en chamar oriente ourensán.

DAVID VÁZQUEZ ÁLVAREZ

Escritor.